



Concello de Cangas

Expediente núm.: 6799/2022

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: ps-22/27 Selección 4 Auxiliar de Policía (Descontinuo), Laboral fixo Grupo IV

Documento: Acta de constitución tribunal e baremación

ACTA I

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E BAREMACIÓN

En Cangas, a 1 de febreiro de 2024

Reunidos no Concello de Cangas, ás 12:50 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, se constitúe para valorar os méritos dos aspirantes para cubrir catro (4) prazas de persoal laboral fixo descontínuo, Auxiliar de Policía, categoría Auxiliar de Policía, grupo IV, vacantes na plantilla municipal deste Concello.

Integran o Tribunal os seguintes membros:

Cargo	Identidade
Presidencia	Alfonso Moldes González
Secretaría	Eva María Gallego Fernández
Vogalía	María Idoya Chapela Silva
Vogalía	María Isabel Rodríguez Martínez
Vogalía	María Isabel Medraño Fariña

Constituído o Tribunal cualificador e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza, á vista dos documentos presentados acreditativos dos méritos e a experiencia, procédese a baremar os mesmos de acordo con base número 10 da convocatoria sinalada:

“10.- Procedemento de selección.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o sistema de selección é o de concurso.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

Neste concurso poderanse acadar un máximo de 40 puntos e os méritos a valorar serán os seguintes:

A) Experiencia profesional: Máximo 36 puntos.

Por cada mes de servizos prestados no Concello de Cangas na mesma praza/s obxecto da convocatoria: 0,22 puntos/mes.

Por cada mes de servizos prestados no Concello de Cangas en prazas de inferior ou igual grupo e na mesma categoría (auxiliar de policía) ao da praza/as obxecto da convocatoria: 0,22 puntos/mes.

Por cada mes de servizos prestados noutra Administración Local en prazas coas mesmas funcións e igual grupo e categoría (auxiliar de policía) ao da praza/as obxecto da convocatoria: 0,07 puntos/mes.

Tendo en conta que a/s praza/as obxecto desta convocatoria están configuradas a xornada completa, a experiencia por servizos prestados nos catro apartados anteriores computarase tamén por experiencia a xornada completa na respectiva administración. No caso de experiencia por servizos prestados a tempo parcial, computarase unicamente a parte equivalente aos días a xornada completa, segundo reflecta a vida laboral.

Os servizos prestados acreditaranse mediante fotocopia simple do certificado do órgano de xestión de persoal da Administración Pública competente e certificación da vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social, debendo quedar especificada a denominación do posto, a súa categoría/grupo e o tempo efectivo de servizos prestados. As persoas aspirantes non terán que acreditar a experiencia profesional desenvolvida no Concello de Cangas, pois será xustificada de oficio polo Departamento de Persoal ante o Tribunal de Selección.

B) Outros méritos: Máximo 4 puntos.

Por acreditar a realización de cursos de formación, ata un máximo de 4 puntos.

Valorarase a realización de cursos impartidos, organizados, subvencionados ou homologados polas diferentes Administracións Públicas, outras entidades do sector público, as Universidades públicas e privadas, Colexios profesionais, Centros oficiais de formación, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua que teñan un contido relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais, como os de coñecemento da lingua galega (de nivel superior no ámbito laboral ao indicado na base 6ª), os relacionados coa prevención de riscos laborais, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido de ofimática, entre outros, e segundo o establecido no seguinte baremo:

Grupo C2 / Grupo IV: 0,20 puntos/ hora

Os cursos que veñan cuantificados por créditos deberán especificar as horas que correspondan a





Concello de Cangas

cada crédito. No seu defecto, o Tribunal cuantificará en 10 horas cada crédito.

No caso de créditos ECTS a valoración que outorgará o Tribunal será de 25 horas por crédito.

C) Competencia en Lingua Galega:

As persoas aspirantes deben acreditar coñecemento da lingua galega no nivel adecuado ao desenvolvemento das prazas convocadas, segundo se indica na base 6, o cal se acreditará, ben mediante a posesión do Certificado en Lingua Galega correspondente ou ben mediante unha proba oral/escrita que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía”

Da valoración de méritos resultan as seguintes puntuacións

ASPIRANTE	A	B	C	TOTAL
BARREIRO RODRIGUEZ, DAVID	9,44	4	SÍ	13,44
CALVO BERNÁRDEZ, PABLO	3,82	4	SÍ	7,78
CAMINO PRECIADO, ALBERTO	1,75	4	SÍ	5,61
CENDÓN DOMÍNGUEZ, MARCOS	4,87	4	SÍ	8,87
CONDE ALONSO, DAVID	0,07	4	SÍ	4,07
COSTAS TILVE, FAUSTINO JOSE	2,45	0	SÍ	2,45
GÓMEZ TEIJEIRA, DAVID	7	4	NO	11
GONZÁLEZ ALONSO, AVELINO	5,88	4	SÍ	9,81
GREGORES CARRERA, DOMINGO	3,56	4	SÍ	7,56
HACHERO ÁLVAREZ, NOELIA	0,14	4	NO	4,14
LUSQUIÑOS GONZÁLEZ, ANA MARÍA	2,87	4	SÍ	6,91
MADRIÑÁN VAL, ROBERTO	4,24	0	SÍ	4,24
MALVIDO MENDUIÑA, ADRIÁN	13,42	4	SÍ	17,42
MARQUEZ BARCALA, DAMIÁN	3,49	4	SÍ	7,49
PADÍN CARBALLO, JAVIER	13,28	4	SÍ	17,28
PEREIRA FERNÁNDEZ, DOMINGO	3,5	4	SÍ	7,5
PIÑEIRO VÁZQUEZ, JOSE ANTONIO	1,96	0	SÍ	1,96
PISOS IGLESIAS, PEDRO	0,88	4	SÍ	4,88
PRIETO BERMÚDEZ, BIBIANA	17,16	4	SÍ	21,16
RIVAS PARADA, JAVIER	6,93	4	SÍ	10,93
RODRÍGUEZ LOPEZ, ISMAEL	8,64	4	SÍ	12,34

Conforme a base número 11 o tribunal acorda:

ÚNICO. Publicar a cualificación provisional no Taboleiro de Anuncios (físico e electrónico), na





Concello de Cangas

páxina web e no Portal de Transparencia para que as persoas aspirantes poidan formular alegacións. Contarán con prazo de 5 días hábiles computados desde esta publicación.

Sendo as 14:45 horas levántase a reunión formalizándose a presenta Acta que asinan comigo os membros do Tribunal do cal, eu, secretario, DOU FE.

Presidente	Secretario	Vogal	Vogal	Vogal
Alfonso Moldes González	Eva María Gallego Fernández	María Idoya Chapela Silva	María Isabel Rodríguez Martínez	María Isabel Medraño Fariña

